

A EVOLUCIÓN INTELLECTUAL E POLÍTICA DO MATRIMONIO MURGUÍA-CASTRO, DENDE OS ANOS SESENTA AOS ANOS OITENTA DO SÉCULO XIX

Xosé R. Barreiro Fernández

Universidade de Santiago de Compostela

doi: 10.17075/rcsxxi.2014.001



INTRODUCCIÓN

1. Así como coñecemos a evolución política de Murguía (provincialista e progresista, rexionalista e independentista), resulta sorprendente o silencio que envolve, neste punto, a biografía de Rosalía. Nin Bouza-Brey nin Carballo Calero, por referírmonos aos dous rosalianos máis egrexios, nin, por suposto, Filgueira Valverde, José Luis Varela ou García-Sabell, ilustres investigadores da nosa poeta, desvelaron nos seus estudos sobre Rosalía nada que se aproximase a esta realidade. Prescindir sistematicamente de toda referencia á ideoloxía política e, non digamos, á militancia, ocuta, sen dúbida, intencións que é preciso revelar aínda que só sexa a nivel de hipótese.

Os autores citados quixeron transmitirlle á posteridade intacto o mito rosaliano, construído por Murguía, e co que se pretendeu converter a Rosalía nunha especie de produto de consumo interclasista, aceptable para todos (de dereitas e de esquerdas, católicos ou non, homes e mulleres, ricos e pobres), é dicir, un produto homologable a todas as ideoloxías. Para iso foi preciso someter a imaxe de Rosalía a unha operación de maquillaxe, limando as arestas da súa personalidade, rebaixando a crueza das súas expresións, temperando as súas dúbidas de fe, etc. E nesta consciente ou inconsciente operación conformouse unha nova imaxe susceptible de ser asumida por todos unha vez que se eliminaron os perfís máis acusados, especialmente os que se refiren ao sexo, á liberación da muller, á ideoloxía política ou á súa relación coa Igrexa e a transcendencia.

Se non aceptamos esta hipótese, non se pode explicar que se mantivese pechado un tema tan clamoroso como o da liberación da muller, que atravesa toda a súa obra, tanto poética como en prosa, e sen o que non se pode entender cousa ningunha do seu compromiso intelectual e social.

É Carballo Calero, de cuxa sensibilidade social e ideolóxica non se pode dudar, quen nunha especie de explicación exculpatoria escribe o seguinte (Carballo Calero 1986: 81-82):

Parece-me que nos mais altos cimos da súa obra poética, Rosalía está porriba da división sexual da especie. A poesía de Rosalía é esencialmente humana, non feminina nem masculina [...]. [A súa] é unha temática non marcada en substancia pola feminidade [...]. Rosalía, em último termo, no máis genuíno ou universal da súa obra poética, non é feminina nem masculina, mas simplemente humana.

[...] por ter atingido esa substancialidade humana no tratamento poético do seu material ideolóxico, por ter-se liberado de condicionamentos sexuais, por superar a accidentalidade do masculino e o feminino, tem alcanzado a universalidade que alcanzou.

Queda claro que un dos máis distinguidos testamenteiros intelectuais de Rosalía valora a súa universalidade á custa de renunciar a un dos estímulos máis produtivos e eficaces da súa personalidade: o exercicio dun feminismo liberador.

2. A construción dunha *doxa*, dunha doutrina, e a súa preservación no futuro é inseparable da permanencia do mito. Non nos interesa agora descifrar o tema dos que ao longo do tempo coidaron da memoria oficial de Rosalía, preservándoa, segundo eles, de interpretacións desviacionistas, pero si está claro, ao meu entender, que conseguiron que as investigacións sobre Rosalía procuraran unha visión «ortodoxa» da súa universalidade e se eludiran as cuestións conflitivas que fixeran perigar o paradigma marcado por este mito. Cando algúns investigadores romperon este tácito compromiso, como sucedeu coa obra de Alberto Machado da Rosa¹, atoparon unha contundente resposta en Galicia, onde, por outra parte, nada se fixo para espallar estas investigacións extracanónicas.

A demostración máis elocuente do escaso interese dos investigadores rosalianos por apartarse do canon establecido proporcionánnola as *Actas do Congreso internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*, realizado en Santiago de Compostela no ano 1985 para conmemorar o primeiro centenario da súa morte.

Presentáronse 149 relatorios e comunicacións de investigadores de 59 universidades de todo o mundo e de 17 centros de estudos. A pesar da absoluta liberdade temática e formal que o equipo organizador, do que formei parte, quixo

1 Cando Alberto Machado da Rosa publicou parcialmente a súa tese de doutoramento sobre Rosalía nunha universidade americana, Bouza-Brey respondeulle en Galicia cun duro artigo. A verdade é que, ao lado de apreciacións críticas de grande importancia, o autor portugués aventurábase en defender sucesos de moi dubidosa veracidade sobre a biografía rosaliana, ata o punto de fundamentar a hipótese de manipulación histórica (Machado da Rosa 2005).

que tivese este congreso e de que non foi rexeitada comunicación ningunha, a realidade é que, agás media ducia delas, todas se someteron ao canon establecido, co que resultou un congreso en que se afondou cualitativamente no coñecemento da obra de Rosalía, pero apenas se abriron novas vías no exercicio dunha sempre necesaria crítica, e mesmo dunha saudable iconoclastia.

I. UNHA NOVA METODOLOXÍA PARA O ESTUDO DA IDEOLOXÍA POLÍTICA DE ROSALÍA DE CASTRO

O feito de que nunha obra recente expuxeramos o pensamento político de Murguía (Barreiro Fernández, 2012), e polo feito de encadrar a miña participación nun congreso referido a Rosalía, comprenderase que me deteña particularmente no estudo do pensamento político de Rosalía.

1. A obra de Catherine Davies

Dende o ano 1981, en que lle publicamos o seu magnífico artigo «Manuel Murguía, Rosalía de Castro y *El Museo Universal*» na revista *Cuadernos de Estudios Gallegos*, ata 2005, en que participou na obra colectiva *Literatura y Feminismo en España*, co relatorio «Rosalía de Castro: aislamiento cultural en un contexto colonial» (Vollendorf 2005), fomos seguindo a súa traxectoria investigadora sobre Rosalía, na que o seu libro *Rosalía de Castro no seu tempo* (1987), constitúe a súa achega máis importante, e abre unha nova vía metodolóxica para o coñecemento da evolución ideolóxica e política da nosa autora.

Foi a partir dos anos oitenta do século xx cando se recupera a biografía histórica, en total decadencia dende finais da Segunda Guerra Mundial. A nova biografía histórica, que pretende evitar a inmersión do individuo na colectividade, substituíndo a persoa pola masa, atopa de novo un espazo propio na historiografía europea, debido a unha serie de razóns que agora non podemos explicitar (López-Barajas Zayas 1998; Rossi 1987; Hobsbawn / Stone 1982; Hoffman 1983; Veiga Alonso 1995). Esta recuperación tivo que superar unha serie de eivas de tipo haxiográfico e idealista que lastraron, nun principio, este produto histórico.

Unha das normas establecidas na actual biografía histórica consiste en relacionar *mediante comprobacións* o tempo histórico en que lle tocou vivir ao biografado (as estruturas políticas, os movementos ideolóxicos, as tendencias e ideas máis radicais, as obras máis lidas e discutidas), axuizando como todo isto inflúe na evolución da propia personalidade. Prescindir dese concreto tempo histórico nunha personalidade tan culta e hipercrítica como é a de Rosalía é mutilar a súa biografía reducíndoa, empequenecéndoa, esquecendo que a súa obra escrita é só unha expresión, aínda que a máis nobre, do seu mundo interior.

Catherine Davies, moi acertadamente, esfórzase en resituair a Rosalía nese tempo histórico que divide en tres grandes espazos: o primeiro, entre 1839 e 1856; o segundo, entre 1856 e 1874 e o terceiro dende esta data ata a súa morte en 1885².

Cando Rosalía abre os ollos á vida intelectual, estaba Galicia en plena transición do Antigo Réxime ao liberalismo. As reformas introducidas por este apenas afectaban en profundidade o noso país. Igrexa e fidalguía, os dous soportes do Antigo Réxime, mantiñan aínda grandes reservas de poder social, especialmente na zona rural. A fidalguía, nunha hábil operación de supervivencia, foi capaz de reciclarse no liberalismo (agás un sector que permaneceu fiel ao carlismo) e mantivo ata a desaparición do sistema foral (xa no século xx) o seu poder económico e social.

Por iso, e pola súa propia debilidade, a burguesía foi incapaz de substituír a fidalguía nin de exercer o seu poder na Galicia rural. Polo que respecta á propia familia de Rosalía, que formaba parte da vella fidalguía polos dous costados, non se arruinou pola competencia que lle puidera facer a burguesía, senón pola pésima xestión do patrimonio familiar e por ter que facer fronte ás débedas xeradas polos Lugin, parentes deles, aos que afiuzaran ante a Facenda e, ao resultar insolventes (porque todo o que tocaba Tomás García Lugin fracasaba), os Castro tiveron que vender bens para satisfacer estas débedas.

Por iso temos que ponderar as críticas que aparecen na obra de Rosalía contra os usureiros, explotadores de paisanos e propietarios sen entrañas. As acusacións

2 Non están moi explícitas as razóns obxectivas para establecer estes tres espazos históricos. Incluír nun mesmo período a ideoloxía política do unionismo liberal e a fase revolucionaria (1868-1874) non ten fácil explicación, aínda que a intención pedagóxica da autora o permita.

refírense a actitudes dos explotadores non ao sistema e menos ao sistema capitalista, que en Galicia apenas tiña vixencia ningunha nestes primeiros anos. E as acusacións ían tamén directamente contra aqueles fidalgos ou burgueses que abusaban da debilidade dos pobres. Porque unha das cuestións que tamén debe quedar clara é a inexistencia desa especie de Arcadia na sociedade rural galega, esa harmonía social que sería desbaratada pola irrupción do capitalismo, porque non debe confundirse nunca harmonía con domesticación.

Tampouco as críticas a unha determinada forma de comportarse as mulleres na forma de vestir, de bailar, de pensar e falar se refíren exclusivamente ás burguesas. Rosalía ataca, por igual, a levidade, fatuidade e superficialidade das burguesas, das fidalgas e das aristócratas.

Sen dúbida, o Liceo de la Juventud foi a factoría en que se formou o espírito crítico da primeira Rosalía. Alí convivían (en ruidosas polémicas e pouco pacíficas discusións) os mozos máis comprometidos coas novas ideas: románticos, socialistas utópicos, progresistas radicais, onde pontificaba Aurelio Aguirre, que era escoitado case con devoción; Alfredo Vicenti, xa republicano; Rodríguez Seoane; Pondal; Murguía; Alvarado; San Julián, entre outros. Rosalía tamén participaba, sen dúbida con grande escándalo, da sociedade compostelá. Algunha rapaza, como a miña antepasada Lucas, compartía con Rosalía aquela escola viva de pensamento que era o Liceo.

Todas estas ideas, posiblemente non ben asentadas nunha mente tan nova, conformaron a súa primeira ideoloxía e, como atinadamente subliña C. Davies, repousaban nela «en forma embrionaria» cando casa con Murguía.

Na segunda etapa (1856-1874) hai unha aceleración do discurso político do matrimonio Murguía-Rosalía. Murguía, que exerceu de progresista nas páxinas de *La Iberia* e que nun principio se dedicou á creación literaria, vaise centrar agora na defensa de Galicia.

Nas crónicas que Murguía envía ao xornal *La Crónica* de Nova York, nas que tiña que axuizar a política internacional, distingue perfectamente en Europa os dous movementos: o centrípeto (Alemaña e Italia), a favor da construción de grandes estados, e o centrífugo (Irlanda, Hungría, Polonia e os pobos do Cáucaso), a favor da conformación de novos estados.

Neste contexto sitúase a loita por Galicia, á que cualifica no tomo I da súa *Historia* como unha nación porque ten todos os elementos de nacionalidade: territorio, raza propia, lingua e unha vontade de ser un ente político propio.

Rosalía participa tamén desta teoría. Dende este momento ergue dúas bandeiras: a do nacionalismo galego e a da independencia da muller. *Las literatas* é unha proclama a favor do dereito da muller a manifestarse publicamente coa súa pluma, sen limitación, igual que os homes.

Catherine Davies fai un espléndido estudo sobre a obra *Cantares gallegos* como peza fundamental para a reconstrución da nova Galicia, que debe iniciarse, como sucedeu en todos os países dominados, pola recuperación do idioma e dos cantares do pobo, porque, como escribiría o historiador Hobsbawm, o primeiro dicionario, a primeira gramática ou a recompilación das cantigas populares son unha pública declaración de independencia. Ou, como diría Murguía anos despois, «lingua distinta é nacionalidade distinta».

Aínda que máis subxectiva, *Follas novas* sitúase no mesmo compromiso de nacionalidade.

Xa situada neste plano nacionalitario, Rosalía prosegue na súa crítica social en forma implacable denunciando a emigración, a situación dos pobres, dos nenos e dos vellos sen futuro, das viúvas e atacando a cobiza dos rendeiros, os melindres das donas das cidades, sempre soñando cos salóns de Madrid. Só salva nas súas novelas os que sofren sen culpa.

O único que nos distancia da análise de C. Davies nesta segunda parte é a apelación á cruzada krausista, que dubidamos que tivera eficacia ningunha no pensamento de Rosalía ou no de Murguía aínda que este tratara, se ben a distancia, a Giner de los Ríos e a Salmerón.

Na terceira parte, 1874-1885, Rosalía mantén os mesmos principios e compromisos, pero en *Las orillas del Sar* hai un poema premonitorio no que se mesturan as ilusións no progreso cunha fonda desilusión da súa mirada sobre Galicia:

Desde los cuatro puntos cardinales
de nuestro buen planeta
—joven pese a sus múltiples arrugas—
miles de inteligencias

poderosas y activas
para ensanchar los caminos de la ciencia

.....
acuden a la cita que el progreso
les da desde su templo de cien puertas.

Obreros incansables, yo os saludo,

.....
Esperad y creed, *crea* el que cree
y ama con doble ardor aquel que espera.
Pero yo en el rincón más escondido
y también más hermoso de la tierra,
sin esperar a Ulises,
que el nuestro ha naufragado en la tormenta,
semejante a Penélope
tejo y destejo sin cesar mi tela,
pensando que ésta es del destino humano
la incasable tarea,
y que ahora subiendo, ahora bajando,
una vez con luz y otras a ciegas,
cumplimos nuestros días y llegamos
más tarde o más temprano a la ribera.

Para min é un canto desesperado, vendo a realidade dunha Galicia ensimesmada, sen capacidade subversiva, que segue agardando sen saber a quen e descoñecendo que o noso Ulise xa naufragou na tormenta.

Oxalá que o breve resumo da obra de C. Davies chegara ata vostedes coa limpa intención co que foi escrito.

2. A obra de Rodríguez Sánchez

Mentres que a profesora C. Davies estudaba en Escocia a obra de Rosalía para interpretar o enigma da súa biografía, en Galicia o profesor Rodríguez Sánchez facía o mesmo camiño investigador con idéntico obxectivo.

Unha serie de investigacións, iniciadas no ano 1970 e proseguidas nos anos 1980, 1982 e seguintes, foron preparando a publicación da súa última obra, de 731 páxinas, e que se titula *Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria*, aparecida no ano 2011.

Na introdución desta obra comunícanos como en 1980 «[...] entrevín as esteas básicas, a tendencia determinante, a estrutura de sentimento que guiaba a obra rosaliana. Era a primeira vez que tiña seguridade de que era certo o que intuía [...]. Foi un momento de auténtica convicción e explosión cerebral que me levou a afirmar sen reticencias nin medos, sen máis cautelas e prevencións o que intuía e pensaba» (Rodríguez 2011: 19)³. A convicción de atopar o fío condutor explicativo da vida e obra de Rosalía pode explicar a contundencia e mesmo a vehemencia empregada neste libro.

Como é lóxico, hai moitos puntos de converxencia coas teses de C. Davies pero así como esta profesora emprega un ton académico, o discurso ideolóxico de Rodríguez Sánchez aparece exposto con tal seguridade e convicción que, ás veces, o afasta da repousada e meditada lección académica.

Pasemos a analizar as bases deste discurso.

O período vital de Rosalía (1837-1885) coincide co inicio e a consumación do proceso de integración de Galicia no sistema capitalista, nunha relación de dependencia e de intercambios desiguais. Galicia fornece ao desenvolvemento capitalista man de obra barata, materias primas e divisas para o Estado (Rodríguez Sánchez 2011: 131). Paralelamente, ou como un reflexo desta situación, verifícase a descomposición da sociedade patriarcal ou feudal rompendo o equilibrio sociolóxico da sociedade rural, imponéndose unha nova estrutura administrativa que garante un «proceso españolizador» (Rodríguez Sánchez 2011: 133). En definitiva, Galicia convertese nunha colonia interior sometida a un proceso de control administrativo e político e a un intento de homologación cultural tendo como patrón a lingua castelá e a historia de España, que son os instrumentos de homologación.

3 O autor fainos partícipes dun deses momentos luminosos nos que o «lumen», a luz, penetra na mente permitindo encaixar as distintas pezas dun discurso. Poderíamos dicir que é un momento máxico. O único problema é saber se o que subxectivamente sentimos e vivimos como un achado se proxecta funcionalmente sobre o avisado lector. Nas páxinas que seguen explicamos o noso criterio.

A substitución dun modo de sociedade por outro, neste caso a sociedade tradicional pola capitalista, en hipótese debía ser, polo menos nunha primeira fase, un proceso liberador e por iso os historiadores procuramos ser prudentes para non dar a sensación de que nos opoñemos ao progreso, e moito menos que non poidamos interpretar a sociedade galega sen a referencia patriarcal ou tradicional. O que sucede é que nas transicións, cando o vello está aínda moi presente e o novo apenas aparece, tendemos a esaxerar estas connotacións negativas, atribuíndolle ao «novo» o que é produto de centos de anos de historia.

Lendo algúns autores tan críticos co sistema capitalista dá a sensación de que o seu obxectivo é a fervorosa defensa dunha pretendida harmonía social ruralista, cando os historiadores ben sabemos que tal harmonía era só a fachada dunha sociedade domesticada pola Igrexa e dominada polo señorío.

Neste contexto, a burguesía merece todo tipo de pauliñas e acusacións, que non se fundamentan nun estudo pormenorizado do seu comportamento social, polo menos en Galicia, senón nunha doutrina que utiliza a burguesía como o polo dialéctico para unha sociedade sen clases. Unha opción filosófica non debe ser a explicación dunha realidade histórica, e a realidade é que a clase burguesa galega, polo menos ata 1885, está moi lonxe nas súas formulacións e na súa realidade de nutrir un concepto de capitalismo salvaxe e de situarnos nunhas relacións de dependencia colectiva, polo menos na orde económica.

Por iso temos que relativizar a crítica que fai Rosalía contra a burguesía. En realidade, o que denuncia non é o lexítimo dereito a obter beneficios, senón a usura, o afán de acumular capital sen ter en conta nin as leis nin a caridade, a estupidez dos que nas súas formas de comportarse pretenden imitar a imaxe que se dá da burguesía. Pensar que na obra *El caballero de las botas azules* fai unha alegoría premonitoria da destrución do capitalismo, considero que é levar a interpretación moito máis alá das intencións da autora.

Catherine Davies comentando a novela de Rosalía escribe que «é unha crítica corrosiva da clase de vida da burguesía e da decadente aristocracia madrileña», pero para apoiar as clases medias, como base da futura orde social (Davies 1987: 278; 283). Moi lonxe, pois, da alegoría premonitoria da desaparición das clases.

O que si que nos parece claro en Rosalía é a súa postura en contra do centralismo, que a levará a militar non no nacionalismo, como inapropiadamente se di, porque este concepto non existía, senón no provincialismo. Agora ben, de aquí

non podemos deducir que, como o centralismo é unha fase do modelo estrutural do Estado que ten a clara pretensión de defender o capitalismo, os que se opoñan a este centralismo están necesariamente defendendo unha sociedade sen clases. Este parécenos un sofisma de xeneralización.

Que o centralismo afogaba Galicia é unha acusación constante na literatura política provincialista de todo o século XIX, polo menos dende a primeira xeración galeguista. Pero esta denuncia, á que se suma Rosalía, non tiña como obxectivo nin a aposta por unha sociedade sen clases nin era unha chamada á revolución.

Ao ben trabado discurso de Rodríguez Sánchez fáltalle quizais maior comprobación histórica e, probablemente, sóbralle adiantar acontecementos que certamente sucederon no mundo, pero nos que non soñaron os protagonistas da nosa historia.

II. BASES PARA A COMPRESIÓN DA PERSONALIDADE POLÍTICA DE ROSALÍA DE CASTRO

Destacaba Dilthey os tres elementos que definen unha personalidade: o carácter, o destino e o azar. O carácter é a marca da persoa, a fasquía ética e o temperamento. O destino é o conxunto de circunstancias estruturais e conxunturais que envolven a persoa no tempo histórico que lle tocou vivir e o azar son circunstancias incontrolables que poden alterar radicalmente o decorrer dunha vida.

O normal é que os biógrafos, cando se atopan cun personaxe como Rosalía, tan esquivo para abrírnos a súa intimidade, que nunca fixo declaracións para os xornais, que ocultou as súas opcións ideolóxicas e políticas, se concentren na súa obra escrita, seleccionando aquelas ideas que parecen máis importantes e poñéndooas en relación coas correntes ideolóxicas do momento nun intento de proxectar luz sobre a súa personalidade. É a única vía que temos para penetrar nese estudado silencio rosaliano, vía, porén, chea de dificultades e pola que non é difícil perderse.

Pero case ninguén repara no primeiro dos elementos definitorios aos que se refire Dilthey: o carácter.

1. A extravagancia como síntoma dunha rexa personalidade

As persoas que constitúen un determinado grupo social, especialmente nos chamados grupos privilexiados, tenden a adecuar a súa conduta ás leis e normas internas do propio grupo. Establécese así unha relación frutífera para ambas as partes: o membro participa da protección e dos beneficios do grupo (tan importantes para realizar matrimonios, recibir herdanzas ou ter asegurada a ascensión social) e pola súa vez o grupo reafirmase e consolídase nutréndose dos seus propios efectivos.

Cando as condutas non se adecúan plenamente á moral ou aos usos do grupo, estamos ante posicións ou condutas extravagantes que non por iso son expulsadas do grupo porque se entende que o enriquecen: caso dos escritores, artistas, actores, etc. que se comportan de forma moi singular, ata na forma de vestir. Só cando a conduta rompe polas súas ideas ou polo xénero de vida que adopta coa moral do grupo, é dicir, cando se transgreden as normas básicas en que se apoia o grupo, entón non estamos ante a extravagancia senón ante a transgresión e o resultado é a expulsión deste (Riviere 1995; Giner / Pérez Yruela 1995).

Rosalía naceu e criouse (polo menos gran parte da súa vida) nunha familia fidalga e, aínda que a situación económica era ruínosa, os seus membros vivían de acordo coas leis deste grupo social privilexiado. Tamén a súa nai⁴. Non así Rosalía.

Decidiu desde moi nova romper con estas convencións da clase á que pertencía, con evidente escándalo das familias fidalgas compostelás. Participaba como un home nas actividades do Liceo de la Juventud, nos seus debates e representacións dramáticas. Pero o escándalo debeu ser maiúsculo cando decidiu vivir nos cuartos do Colexio de Santo Agostiño, a poucos metros do Liceo, que tiña a súa sede no propio Colexio (Barreiro Fernández 2012: 181), a pesar de que a nai tiña alugada unha casa na Porta Faxeira.

⁴ Murguía iniciou un conto, que deixou sen rematar e que se atopa no Arquivo da Real Academia Galega, dedicado a Bécquer e que se titulaba «Nosotros los tal», que é claramente autobiográfico e que debeu ser escrito entre 1860 e 1862. Di Murguía que a vida familiar é moi pracenteira e que o único desacougo procede da súa sogra, que segue tan dependente dos prexuízos de clase que non lle perdoa «el triste pecado que he cometido al nacer de unos padres de sangre limpia, pero no noble» e cando se refire á neta «mi suegra suprime mi apellido». (Barreiro Fernández 2012: 295-296).

Esa promiscuidade nunca foi do agrado das familias da levítica Compostela.

A realidade é que Rosalía, dende nena, amosou escaso entusiasmo polas tarefas domésticas, tal e como ao xornalista Jaime Solá informou a súa parente Engracia Batalla, de Padrón, quen engade que non era unha muller fermosa, pero si ben proporcionada e mesmo musculosa.

Non parece que xa casada rectificase os seus costumes. Sempre que puido tivo unha, dúas e ata tres criadas que se encargaban do trasfego da casa.

Síntoma desa independencia é o feito de que só con 19 anos decide marchar a Madrid, soa, porque, como testemuñaba a mesma Engracia Batalla, en Madrid «la mujer ganaba el sustento con cierta facilidad» e para poder viaxar foi preciso «arañar en los bolsillos de la parentela y de la amistad» para poderlle pagar a viaxe.

Rosalía debeu vivir intensamente estes anos en Santiago de Compostela. Anos de formación, de adquisición de novas ideas en longos e prolongados debates, de lecturas, pero tamén anos de troula, de festa e esmorga, de amores fuxidíos, de amizades fundamentalmente asentadas e nas que sen dúbida Rosalía coñeceu a vertixe do sexo compartido.

Hai un texto que nos parece tan autobiográfico que non nos resistimos a citalo a pesar das prevencións que manteño sobre a utilización dos textos literarios para conformar as biografías. Trátase da composición en prosa titulada *Lieders*.

Teñamos en conta as circunstancias. Está escrito poucos meses antes de casar con Murguía e foi publicado por este no *Álbum del Miño* en 1858. Sen chegar a ser un manifesto, é unha declaración, penso que dirixida a Murguía, para que saiba claramente con quen vai casar, cales son as súas ideas irrenunciáveis e os compromisos da súa conciencia, pero tamén o recoñecemento da súa culpa.

Dille que «[...] soy libre, libre como los pájaros, como las brisas, como los árabes en el desierto y el pirata en el mar, [...] solo cantos de independencia y libertad han balbucido mis labios, aunque alrededor hubiese sentido desde la cuna ya el ruido de las cadenas que debían aprisionarme para siempre, porque el patrimonio de la mujer son los grillos de la esclavitud». Por se a idea non quedara suficientemente clara, engade: «Yo soy libre. Nada puede contener la marcha de mis pensamientos y ellos son la ley que rige mi destino».

Murguía queda, pois, advertido de que nada nin ninguén poderá cambiar o rumbo desta vida que optou pola liberdade. Pero logo engade que ninguén lle pode reclamar remordemento, porque este é un sentimento das mulleres débiles.

Se non hai arrepentimento hai, porén, dolor, espectros do pasado, a pesar (e así conclúe) que todo este espectro do pasado procede «de una debilidad».

Outros interpretarán este texto doutra maneira. Para min significa o recoñecemento dunha debilidade que non se repetirá. Así deixaba ante Murguía, o seu próximo marido, todo moi claro.

Non quixo Rosalía recuperar no futuro a súa condición de fidalga. Viviu sempre á marxe destes condicionamentos e facendo a vida que lle apetecía. Cando o marido estaba ausente, reuníase coas amigas e algún amigo en faladoiros, visitaban os ex-mosteiros de Conxo ou de San Lourenzo e paseaban polas beiras do Sar. Non é de estrañar que, como di García Martí, xa de casada, os de Santiago a cualificasen de «extravagante», é dicir, de muller libre.

2. Como interpretar os silencios de Rosalía

Nunca fixo declaracións á prensa nin consta que escribise as súas memorias. Murguía decidiu queimar os miles de cartas que conservaba da muller (escribíanse practicamente todos os días), decisión que lamentamos e que foi reprobada con certa acritude por varios estudiosos da obra de Rosalía, esquecendo que tamén ela mandou queimar non só as cartas, senón tamén todos os seus manuscritos, o que Alejandra, a filla, cumpriu con escrupuloso celo.

Só queda, pois, a súa obra escrita.

Pretender recuperar a súa ideoloxía a partir da obra escrita comporta non poucos riscos, porque o creador literario non ten por que someterse a ningún tipo de veracidade histórica e moito menos retratarse na súa obra. Dar por sentado que as ideas que se poñen en boca dos protagonistas son un reflexo do que o autor pensa é dar por demostrado o que precisamente se trata de demostrar.

Para poder emitir un xuízo sobre a coincidencia do discurso empregado coa ideoloxía propia do escritor sería preciso previamente, como o fai unha corrente metodolóxica anglosaxoa ao estudar os discursos de grandes personalidades, facer un estudo analítico e cuantitativo do léxico empregado, do uso de imaxes e metáforas e doutros recursos estilísticos, de maneira que poidamos ter secuencias de ideas repetidas, conceptos moi firmes expresados moitas veces con fórmulas distintas, de forma que se albisque cales son as ideas-forza do discurso do autor.

Lamentablemente, nada disto se fixo coa obra de Rosalía. Por todo iso son precisas todas as cautelas.

O que pretendemos é unicamente recoller as ideas-forza do seu pensamento, aquelas ideas que destacan, e que parecen constituír a cerna do seu discurso.

A liberdade

Se o romanticismo lle imprimiu este sentimento, unha fonda racionalidade apoiada na filosofía liberal e na incredulidade dos poderes transcendentales ao home, configuran o seu ideal de liberdade. Como acabamos de citar, di: «Soy libre. Nada puede contener la marcha de mis pensamientos y ellos son la ley que rige mi destino».

Unha liberdade que abrangue a totalidade da súa vida, pero que se desborda cando quere defender os seres máis desprotexidos do mundo: as mulleres «porque el patrimonio de la mujer son los grillos de la esclavitud». A idea da liberación feminina, a liberdade de xénero, atravesada toda a súa obra ata converterse nun eixe fundamental do seu pensamento.

Liberdade de pensamento e opinión porque ninguén nin ningún poder transcendente pode limitar o que constitúe a esencia da nosa personalidade. Durante toda a vida mantivo un diálogo con Deus, recoñecendo en varias ocasións a fe perdida e precisando nas horas de amargura o consolo da fe, recrimínalle a Deus, se existe, a súa ausencia e pídelle, ás veces, que retorne para que lle sirva de caxato chegado o momento de traspasar os límites da vida.

Liberdade total sobre as lecturas que lle conveñen, xa que moitas das citadas por ela estaban condenadas polo *Índice* e non consta que solicitase licenza.

Liberdade para optar entre a vida e a morte. Moitas veces sentiuse atraída polo suicidio e nunca foi Deus nin a súa lei os que llo impediron, senón os fillos ou quizais a conciencia de que era necesaria neste mundo para cumprir a súa obra de redención cos demais.

A xustiza

Rosalía tiña, sen dúbida, moi interiorizado o senso da xustiza. Toda a súa obra, especialmente a poética, é unha permanente denuncia da opresión dos máis

débiles: dos nenos, dos vellos, das mulleres incomprendidas e abandonadas, dos pobres.

Conmóvese o seu corazón ante a visión dos homes sometidos a relacións de dependencia económica, como os segadores en Castela ou os emigrantes.

Non crendo na xustiza humana e desprezando a divina, invita, polo menos nun poema que por si só xa merecería a súa gloria, a exercer a xustiza natural, a xustiza pola man. E cumprida a xustiza, tranquila, agardaba pola alba do día...

Galicia

En Madrid, e antes de casar con Rosalía, xa Murguía soñaba coa rexeneración de Galicia. Nas páxinas de *La Iberia* e *La Oliva* acusaba os poetas galegos por non seren capaces de captar o ritmo popular e eterno da vea poética do pobo e dedicárense en troques a baleirar a súa inspiración en versos casteláns; acusaba os nosos pintores de non captaren a irrepitible beleza cromática das nosas paisaxes e imitaren o decadente historicismo das escolas de Madrid; e acusaba os músicos por non seren capaces de captar a harmonía da música popular galega.

Decatándose de que ninguén respondía ao seu desafío, viuse na obriga de asumir a responsabilidade de rexenerar intelectualmente o país. Pero conta, dende o seu matrimonio con Rosalía, co seu apoio e o seu xenio. Xuntos, pois, proseguiron a «Grande Obra» soñada por Faraldo.

Nunha das versións que nos deixou Murguía sobre a composición de *Cantares gallegos*, dinos como os dous, contemplando un día os estériles campos de Castela, sentiron a necesidade de escribir e publicar un libro «[...] en que se reflexasen con toda su poesía y pureza los paisajes y la vida entera de la gente de nuestro país [...]. Y aquella misma noche trazó con mano rápida y con la brevedad de la improvisación aquellos versos tan tristes y tan hermosos que llevan por glosa la canción popular más en consonancia con el estado de su espíritu» (Murguía 1886: 185-186). Deste xeito naceron os *Cantares gallegos*.

Así se asociou Rosalía á obra de rexeneración de Galicia e xa nunca máis desertou da súa responsabilidade.

O pobo captou de inmediato aquela obra poética, porque era súa e porque a fixo súa e a repetía nas feiras e nas festas e a cantaba o emigrante na manigua cubana ao caer a tarde recordando a patria afastada.

E foi ese pobo o que, dende o momento en que Rosalía morreu, miraba a Matanza, derradeiro refuxio dela, da muller que mellor entendeu as angurias do pobo. Por iso fixo ela máis pola rexeneración, mesmo política, deste país que todos os escritores e políticos que a precederon.

A envoltura política do seu pensamento

Aquela rapaza extravagante e incómoda, que rompeu os *corsés* que lle impoñían a súa dobre condición de muller e de fidalga, procurou unha nova racionalidade ben allea ás ideas imperantes no seu tempo, unha racionalidade que lle permitiu ter ideas propias sobre o mundo e as persoas, sobre as leis humanas e divinas, e sobre elas proxectou a súa vida.

Tendo en conta as correntes ideolóxicas do momento, parécenos que as principais achegas doutrinarias foron as seguintes:

O liberalismo radical que no seu tempo viña proclamado non polo partido progresista que xa pactara cos moderados a conformación do Estado español, senón pola corrente demócrata-republicana.

O socialismo utópico (non nos consta que lera a C. Marx), que incorporaba unha dobre linguaxe: unha fotografía da marxinação dos explotados e unha filosofía da igualdade que condena toda explotación humana.

O romanticismo radical que pretendía levar á práctica o principio de Víctor Hugo de que o que está na vida debe estar na arte.

O rexeneracionismo dos pobos sen Estado que iniciaban a conquista do dereito a seren eles mesmos.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AA. VV. (1983): *L'homme face à son histoire*, Lausanne, Publications de l'Université.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (2012): *Murguía*, Vigo, Galaxia.
- CARVALHO CALERO, Ricardo (1986): «Rosalia, umha rosa de cem folhas», en *Actas do Congreso internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, II, 81-82.
- DAVIES, Catherine (1981): «Manuel Murguía, Rosalía de Castro y *El Museo Universal*», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXXII:96-97, 427-452.
- DAVIES, Catherine (1987): *Rosalía de Castro no seu tempo*, Vigo, Galaxia.
- DAVIES, Catherine (2012): «La loca, soñando: Rosalía de Castro (1837-1885)», en Helena González Fernández / María do Cebreiro Rábade Villar (eds.), *Canon y subversión. La obra narrativa de Rosalía de Castro*, Barcelona, Icaria, 27-43.
- GINER, Salvador / Manuel PÉREZ YRUELA (1995): «El raro», en Carlos Castilla del Pino (coord.), *La extravagancia*, Madrid, Alianza Editorial, 37-54.
- HOBBSBAWN, Enric J. / L. STONE (1982): «La historia como narrativa», *Debats*, 4, 91-110.
- HOFMANN, Etienne, (1983): «La biographie: vers un renouveau d'un genre décrié?», en *L'Homme face à son destin (publication du cours général public 1982-1983)*, Lausanne, Payot, 77-93.
- LÓPEZ-BARAJAS ZAYAS, Emilio (1998), «Las historias de vida. Fundamentos y metodología», en Emilio López-Barajas Zayas (coord.), *Las historias de vida y la investigación biográfica: Fundamentos y metodología*, Madrid, UNED, 9-27.
- MACHADO DA ROSA, Alberto (2005): *Rosalía de Castro, a mulher e o poeta*, Santiago de Compostela, Laiovento.
- MURGUÍA, Manuel (1886): *Los precursores*, A Coruña, Latorre y Martínez Editores.
- RIVIÈRE, Margarita (1995): «Extravagancia, esnobismo, moda», en Carlos Castilla del Pino (coord.), *La extravagancia*, Madrid, Alianza Editorial, 89-102.
- RODRÍGUEZ, Francisco (2011): *Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria (a persoa e a obra de onte a hoxe)*, [A Coruña], AS-PG.
- ROSSI, Pietro (coord.) (1987): *La storiografia contemporanea: indirizzi e problemi*, Milano, Il Saggiatore.
- VEIGA ALONSO, Xosé Ramón (1995-1996): «Individuo, sociedad e historia. Reflexiones sobre el retorno de la biografía», *Studia Histórica. Historia Contemporánea*, 13-14, 131-147.
- VOLLENDORF, Lisa (ed.) (2005): *Literatura y feminismo en España*, Barcelona, Icaria.

